

## TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U.

D. XESÚS MARIA PASTORIZA SANTAMARINA con DNI [REDACTED] en calidade de Secretario Federal do Transporte da CIG, con domicilio a efectos de notificación en A Coruña, R/ Miguel Servet s/n CP 15002 (Central Telefónica Hércules, Sección Sindical CIG. Teléfono 981183969, Fax 981183679, Email coruna@cigtelefonica.com). D. JUAN LUIS GARCÍA CÓRDOBA con DNI [REDACTED], en calidade de Secretario General de AST, con domicilio a efectos de notificación en Madrid, C/ Magdalena 8, 1º IZQ, CP 28012 ( Teléfono 915271808, Fax 915273793, Email sindicatoast@sindicatoast.org). D. ÁNGEL SANTIAGO VALLADARES NOCITO con DNI [REDACTED] en calidade de Secretario General del Sindicato de oficios varios (CGT), con domicilio a efectos de notificación en A Coruña, R/ Miguel Servet s/n CP 15002 (Central Telefónica Hércules, Sección Sindical CGT. Teléfono 981183720), ante ese Organismo e como mellor proceda en dereito.

### DIN:

Primeiro.- que o día 3 de decembro as persoas que encabezan este escrito convocaron unha folga legal en O+M A Coruña (Telefónica de España S.A.U.) cun determinado calendario, modificando posteriormente dito calendario ao pasar os días do paro aos mércores en lugar dos martes.

Segundo.- que procedemos por medio deste escrito a suspender a convocatoria de folga dende este momento ata o día 20 de outubro, suspendendo os paros dos días 16, 23 e 30 de setembro, e 7 e 14 de outubro.

Terceiro.- que a suspensión dos paros ten como obxectivo analizar a nova situación xerada despois das actuacións unilaterais da empresa: externalización de actividades de mantemento en conmutación, ADSL, etc; saída forzosa de 5 OTPI de conmutación para outro departamento (CNAI), e unificación do resto dos OTPI de conmutación cos de transmisión, aplicándolles unha única rolda de quendas e gardas.

Tamén se pretende, como sempre estiveron dispostos os traballadores, que esta suspensión permita solucionar de xeito dialogado a nova problemática creada: falla de persoal para as quendas e gardas previstas, actividades a realizar, integración real...

Por todo o dito anteriormente, SOLICITAMOS que, tendo por presentado este escrito, se sirva admitilo e na súa virtude e cumpridos os trámites legais establecidos, TEÑA POR PRESENTADA A COMUNICACIÓN DE SUSPENSIÓN DOS PAROS nos días sinalados en O+M A Coruña (Telefónica de España S.A.U.).

En A Coruña a 14 de setembro de 2009.

D. Xesús M<sup>a</sup> Pastoriza Santamarina

D. Juan Luis García Cordoba

D. Ángel Santiago Valladares Nocito

